



Concello de Ribadavia

*Ribadavia,
depende de tí*

Empadroate

Campaña de empadroamento en Ribadavia



Concello de Ribadavia



¿Qué é o Padrón Municipal de Habitantes?

O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual neste. As certificacións que dos devanditos datos se expidan terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.

Normativa legal

Como é sabido o artigo 19 da Constitución Española garante a todos os españois o dereito á libre elección de residencia. A Lei obriga a toda persoa que viva en España a inscribirse no Padrón do Municipio no que resida habitualmente e quen viva en varios municipios deberá inscribirse no que habite durante máis tempo ao ano.

¿Por qué debo empadroarme en Ribadavia?

Ademais da imposición legal antes indicada, a correcta inscrición no Padrón Municipal de Habitantes é un requisito imprescindible para a realización dun grande número de trámites administrativos así como para acceder a multitude de servizos municipais e axudas de carácter benéfico ou social tales como:

- Obtención de documentos como o DNI, pasaporte ou carné de conducir.
- Xestións relacionadas coa contratación de servizos de subministración tales como a luz, o teléfono ou o gas.
- Acreditación de domicilio para a matriculación en colexios, escolas ou universidade e gardería municipal.
- Inclusión no censo electoral.
- Solicitude de determinadas prestacións de carácter social, como por exemplo:
 - o Acceso a vivendas e V.P.O. de promoción pública.
 - o Salarios sociais e subsidios.
 - o Axudas económicas ás familias con poucos recursos.

Vantaxes de estar empadroado en Ribadavia

- Asegura a asistencia sanitaria.
- Pode ser unha boa proba se hai que demostrar o tempo que se leva aquí.
- Permite o acceso aos Servizos Sociais do Concello.
- Permite participar nos programas que cada municipio desenvolve para mellorar as condicións de vida dos seus veciños e veciñas en áreas de tanta importancia como a vivenda, a educación, o emprego, a saúde, a cultura, o deporte ou o ocio.
- Permite beneficiarse das actuacións que os servizos sociais de cada municipio levan a cabo para informar, orientar e atender as necesidades específicas das persoas máis desfavorecidas, facilitando a súa integración social.
- Ademais, **o número de veciños é fundamental cando o Concello solicita á Administración Central e Autonómica maiores servizos** en áreas como educación, sanidade ou transportes. É dicir o Concello poderá ofrecer mellor calidade de vida aos seus veciños cantos máis sexan e poderá ter maior relevancia na repartición dos tributos estatais.
- Sendo veciño de Ribadavia, vostede e a súa familia pódese beneficiar de **descontos** (Conservatorio e Escola de Música, Servizo de Deportes, Servizos Sociais...) e subvencións nas actividades organizadas polas diferentes concellarías.

¿Qué necesito para empadroarme

O departamento de Estatística do Concello de Ribadavia, procederá á tramitación do empadroamento. O cidadán non ten que preocuparse de darse de baixa no municipio de procedencia. Simplemente terá que comparecer na oficina de Estadística do Concello de Ribadavia, sita na Praza Maior nº 4, teléfono 988477100 coa seguinte documentación:

- Fotocopia de documento de identidade das persoas inscritas (D.N.I., tarxeta de estranxeiro, pasaporte, folla do libro de familia para os menores que non teñan outro documento de identidade).
- Encher o "Formulario Xeral de inscrición no padrón Orixinal"

Empadroate, gañamos todos